

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DE CONSULTA PÚBLICA

CONSULTA PREVIA Á ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ACCESO E USO DO LOCAL DE ENSAIO DE PONTEAREAS

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración dA ORDENANZA REGULADORA DOS CRITERIOS DE ACCESO E USO DO LOCAL DE ENSAIO DE PONTEAREAS, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación no correo electrónico participacioncidade@ponteareas.gal ou en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	A carencia dun documento onde se recollan as normas e requisitos para o uso do local de ensaio de Ponteareas.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	Non existe ningún documento que estableza os criterios de acceso e uso do espazo, así como os dereitos e deberes de Concello e usuarios/as.
Obxectivos da norma	Regular o uso das instalacións con garantías para Concello e usuarios/as
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatoria.	Non hai alternativas que permitan atender a necesidade apuntada

Miguel Bouzó Rodríguez
Concelleiro de Mocidade

